




LADY ELEMENT

ASTORIA



Lady Element:

Cleopatra era unha nena normal, nacida en Exipto. Un día, mentres Cleopatra daba un paseo, sorprendeuna unha tormenta de area, e apareceu diante dela un fermoso ser gravemente ferido, a causa da tormenta. Era unha fada dos catro elementos. Cleopatra axudoulle a levantarse e, en agradecemento, a fada deulle os seus poderes, xa que ela non podería seguir loitando contra a contaminación e o resto dos perigos do mundo.

Cleopatra volveu á súa casa (tiña que protexerse da tormenta); polo camiño topouse cun dragón bebé. Acolleuno e chamoulle Chispa.

De súpeto escoitou un berro (SOCOROOOOOO!!!) e o seu instinto díxolle que actuase. Nese mesmo intre, Lady Element descubriu que o poder que tiña eran os catro elementos, e o dragonciño tamén tiña os mesmos poderes e convertiuse en Lady Element.



AVENTURA

Lady Element tiña que ir a salvar persoas nun pobo chamado Redondela; cando chegou, viu que á praia de Cesantes achegábase un tsunami, e que ía morrer moita xente. Lady Element salvou á xente, pero decatouse de algo máis: o tsunami arrastrara toda unha illa de lixo. Co seu poder do aire, Lady Element soprólle á illa e meteu cada cousa no seu colector, para que puidese ser reciclada. Dende entón, Lady Element dedícase a velar pola nosa seguridade e a loitar pola saúde do planeta, e cada unha e cada un de nós podemoslle axudar reciclando e non botando lixo ao chan.



CLARA



MARIO



FIN



5°A



EMMIA